# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| PLN/2021/1 | El Pleno |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 31 de maio de 2021 |
| **Duración** | Desde as 20:30 ata as 20:50 horas |
| **Lugar** | Salón de Sesións |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| 33832911A | ANTONIO REGO REY | SÍ |
| 35312108R | AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL | NON |
| 33997496T | EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA | SÍ |
| 34880827Q | ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ | SÍ |
| 33995905L | FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA | SÍ |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 33844382C | MARIO LEITÓN RAMALLAL | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 33549271E | SONIA GAVINO REIGOSA | SÍ |

**Begoña González Pedregal (1 para 2)**
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 07/06/2021
HASH: 3265120b6ee914446a3916907be718b9

**rocio lopez garcia (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 07/06/2021
HASH: 3138d77e67743bc515230753352b99a94

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 37

| | | |
|---|---|---|
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

**Escusas de asistencia presentadas:**
1. AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL:
«MOTIVOS PERSOAIS»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 18/03/21.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:**<br>Ordinaria<br>A favor: 7, En contra: 3,<br>Abstencións: 0, Ausentes: 0 |

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data dezaoito de marzo do dous mil vinte e un (18/03/2021), distribuída coa convocatoria, por parte do Sr. Rodríguez Barrera, voceiro do P. Popular, indicouse que na páxina 34, no punto terceiro, cando preguntara sobre as labores que fixera o tractor durante os meses de inverno e finais de outono, non constaban as palabras que lle dixera o concelleiro Sr. Huertas Otero.
Pola Sra. Secretaria indicouse que a redacción da acta era competencia de Secretaría tal e como se recollía na lexislación vixente, e que deberían recollerse, sucintamente, as opinións emitidas e que se atribuía á Secretaría a súa materialización pois tiña encomendada o labor da redacción dos borradores de actas das sesións e soamente cabería subsanar erros materiais o de feito e que polo tanto, o feito deque non constaran esas palabras non era un erro material nin de feito, e polo tanto era criterio da Secretaría que se recolleran ou non na acta.
O Sr. Rodríguez Barreira contestoulle que, nese caso, o seu grupo no podería aprobar o borrador da acta.
O borrador da Acta foi aprobado con sete votos a favor, do P.S.O.E. e do B.N.G., e tres en contra, do P. Popular.



Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 37

| **Expediente 899/2018. BONIFICACIÓN IBI ACTIVIDADES AGRÍCOLAS E GANDEIRAS.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a proposta da Alcaldía para a modificación da Ordenanza Fiscal Núm.1 Reguladora do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana , e que consistiría en aprobar unha bonificación para aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ó sector primario que sexan declaradas de especial interese o utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración; o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar nos termos nos que está redactada a Proposta da Alcaldía de data 10/05/21 e que son os que se transcriben literalmente a continuación:

“Dª. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ,

Esta Alcaldía, á vista do escrito de recollida de sinaturas para a solicitude da bonificación da cota do IBI dos inmobles ligados ás actividades agrarias de data 18/12/2018, rexistrado de entrada co núm. 2508, e entendendo esta Alcaldía que a medida contribuirá a reducir a carga fiscal que soporta o noso medio rural, ó tempo que afianza de maneira clara e inequívoca o apoio do Concello ó sector primario no termo municipal, sector estratéxico e dinamizador fundamental da nosa economía produtiva e que se considera de especial interese municipal, PROPÓN ó Pleno a modificación da ORDENANZA FISCAL NÚM. 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES no sentido de que sería conveniente crear unha bonificación de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, facendo uso da facultade que confire a mesma en orde a fixación dos elementos necesarios para a determinación das Cotas Tributarias dos Imposto sobre Ben Inmobles rexéndose a súa exacción polo disposto na Ordenanza Fiscal de aplicación.

Así pois, a PROPOSTA da Alcaldía ó Pleno do Concello é a da



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 37

adopción do acordo de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles engadíndolle o artigo cuarto , co seguinte contido:

*"ARTIGO CUARTO.- BONIFICACIÓNS.*

*4.1.1.-Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ó sector primario, que sexan declaradas de especial interese o utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración, así como construcións destinadas unicamente a actividades agrarias o gandeiras.*

*No suposto de que nun mesmo inmoble existan ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráselle unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto.*

*Corresponderá ó Pleno, a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros, e producirá efectos o un de xaneiro do ano seguinte ao do recoñecemento da bonificación.*

*Entenderase por actividade agraria:*

*a) O conxunto de traballos que se requiran para a obtención de produtos agrícolas e gandeiros ou para o mantemento das terras en boas condicións agrarias ou ambientais.*

*b) A venda directa por parte de agricultores da produción propia sen transformación ou a primeira transformación desta, cuxo produto final estea incluído no Anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos elementos que integran a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.*

*c) A actividade que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación agraria. Enténdese por explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente pola persoa titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica. Enténdese por explotación agraria de titularidade compartida, a unidade económica técnico-económica. Enténdese por explotación agraria de titularidade compartida a unidade económica sen personalidade xurídica que é constituída por un matrimonio ou parella unida por análoga relación de afectividade para a xestión conxunta da explotación agraria.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K527992M62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 37

*A bonificación terá carácter rogado , debendo ser presentada polo suxeito pasivo e surtirá efecto a partir do período impositivo seguinte ó da resolución da dita solicitude.*
*4.1.2.-Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:*
*a) Certificado actualizado de inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.*
*b) Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria ou gandeira no inmoble para o que solicita a bonificación así como o Certificado do Ministerio de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade.*
*c) Acreditación da titularidade catastral do inmoble ( dito certificado poderá obterse no Punto de Información Catastral do Concello de Lourenzá).*
*d) Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma , nin coa Seguridade Social nin con este concello.*
*e)Xustificante ou indicación da Resolución ou acordo Xunta Goberno Local deste concello polo que se recoñeceu a preexistencia a 1 de xaneiro do 2003 das construcións, edificacións ou instalacións adicadas a explotacións agrarias, ao abeiro da derrogada disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia.*
*f) Xustificante ou indicación Resolución ou acordo municipal de concesión de licenza de construción, edificación e instalación destinada a explotacións agrarias.*
*g) No caso de edificacións, construcións e instalacións que non consten no recoñecemento da explotación, nin conten con licenza, deberá aportarse a acreditación fehaciente, por calquera medio admitido a Dereito, da data de terminación das obras.*
*Neste caso, o concello verificará que non se pode repoñer a legalidade urbanística e a conformidade do uso coa clasificación do solo que corresponda.*
*h) No caso de que o titular catastral das construcións, instalacións e obras referidos non se corresponda co titular da explotación que se desenvolva nelas, este deberá aportar ademais da documentación establecida nas letras a) e b) referida ó agricultor que use as edificacións, construcións e instalacións para a súa explotación, e a documentación que acredite a cesión do uso ou alugueiro dos referidos inmobles.*
*4.1.3-O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ó respecto desta*


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506
Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 37

*bonificación.*
*Os obrigados tributarios deberán comunicar no concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal.*
*O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario, por un prazo de dez (10)días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificac*ión das condicións ou requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.
SEGUNDO.- Dita modificación deberá ser exposta ó publico durante trinta días como mínimo, e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
O dito acordo de modificación entenderase elevado a definitivo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuarase o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 69/2018. PROPOSTA ALCALDÍA MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA IBI CENTRO SAÚDE.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto e unha vez vista a proposta da Alcaldía para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmobles (IBI) de conformidade co compromiso adoptado na sesión plenaria de 18/03/2021 en relación coa cesión gratuíta do Centro de Saúde e a súa parcela ó Servizo Galego de Saúde (Sergas),o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta da Alcaldía de 03/05/21 nos termos nos que está redactada e que son os que se transcriben a



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 37

continuación:
"Visto que na sesión plenaria celebrada o día 18/03/21 acordouse a CESIÓN GRATUÍTA do Centro de Saúde de Lourenzá e a súa parcela ó SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS).
Visto que polos servizos do Sergas achegouse correo electrónico o día 08/04/2021 no que comunican que a documentación achegada é conforme.
Visto que dentro da orde do día da sesión plenaria a celebrar o próximo día vinte de maio do ano en curso inclúese outras modificacións da Ordenanza Reguladora do Imposto de Bens Inmobles.
Visto que o Pleno da Corporación adoptou o compromiso da Modificación da Ordenanza Núm.1 Reguladora do Imposto de Ben Inmoble de Natureza Urbana, no sentido de establecer a exención, a favor dos Centros Sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do Imposto sobre Bens Inmobles de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se se prestan de xeito continuado.
Esta Alcaldía propón incluír na citada ordenanza a introdución dun artigo 4º co seguinte tenor literal:
"*Artigo 4º.- Establécese a exención, a favor dos Centros Sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do Imposto sobre Bens Inmobles de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."*
Dita modificación deberá ser exposta ó publico durante trinta días como mínimo, e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
O dito acordo de modificación entenderase elevado a definitivo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuarase o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."
SEGUNDO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.


Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 37




Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Expediente 261/2021. PROPOSTA ALCALDIA RATIFICACIÓN ACORDO XGL 29/04/21 EXENCIÓN ICIO EXPEDIENTES A.R.I.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto e visto o contido da proposta da Alcaldía, O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada sendo o seu contido literal o que segue:
"Vistas as solicitude formuladas polos beneficiarios para acollerse a bonificación da parte proporcional do I.C.I.O. ao abeiro do Convenio de Rehabilitación e para as axudas convocadas no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e que obran nos respectivos expedientes.
Visto que o contido do artigo 8.*g) da Ordenanza Fiscal Núm. 2, Reguladora do Imposto Sobre Construcións, Instalacións e Obras, que literalmente di: "De conformidade co establecido no artigo 103.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , establecese unha bonificación do 95% da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións e obras que se desenvolvan no ámbito da Área de Rehabilitación Integral do Casco Antigo e Zonas de respecto Concello de Lourenzá delimitado no Plano adxunto a la Resolución de la Consellería de Política Territorial, Obra Públicas e Vivenda, toda vez que se considera que estas actuacións , unha vez concedida a axuda polo concello , revisten el carácter de especial interese o utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico -artísticas o de fomento de emprego que xustifican, conxunta ou illadamente tal declaración que será acordada, a petición do suxeito pasivo, polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros da mesma e previo informe da Oficina de Rehabilitación.*
*2.- As bonificacións establecidas no parágrafo anterior serán de aplicación tanto nas liquidacións provisionais como nas definitivas do Imposto.*
*3.- O procedemento de concesión da bonificación terá carácter rogado, é dicir, iniciarase por solicitude do interesado á deberá acompañar o informe - xustificación emitido pola Oficina de Rehabilitación, no que se sinale que as actuacións son obxecto de axuda para rehabilitación no ámbito do A.R.I.*
*Dita solicitude pasará ó Pleno da Corporación que por maioría simple dos seus membros acordará a concesión o denegación da bonificación, ponderando a totalidade das circunstancias concorrentes na petición efectuada e que esta reúna, illada o conxuntamente as circunstancias ás que se fai referencia no punto primeiro deste artigo*
*No obstante, por razóns de urxencia debidamente motivadas poderá resolverse dita concesión por acordo da Xunta de Goberno Local ou Resolución da Alcaldía, que deberá ser ratificado polo Pleno Municipal.*
*Dito acordo implicará a expedición dunha nova liquidación por los servizos municipais coa aplicación á liquidación de que se trate da bonificación a que haxa lugar."*
Visto que constan nos expedientes as respectivas CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS achegadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo en data 05/04/2021, sendo rexistradas de entrada cos números 612-613-614.
Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 37

celebrada o pasado 29/04/2021 no que se aproba a subvención do 95% do I.C.I.O. de conformidade co disposto no Artigo 8g).3 da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalación e Obras.
Esta Alcaldía propón a ratificación do acordo na X.G.L. de 29/04/21, no punto que se refire á subvención do 95% do I.C.I.O, dos expedientes seguintes:

| PERCEPTORES SUBVENCIÓN | PPTO. | ICIO | 95% ICIO SUBVENCIONADO |
|---|---|---|---|
| MANUEL CASTRILLÓN LAMAS<br>NIF. 33691543Q<br>EXPDTE. L-AR-0039/20 | 12.468,02 | 314,32 | 298,60 |
| DOLORES ROMERO REIGOSA<br>NIF. 33841533T<br>EXPDTE. L-AR-0118/20 | 7.353,03 | 220,59 | 209,56 |
| FRANCISCO HERMIDA PÉREZ<br>NIF. 77592784F<br>EXPDTE. L-AR-0117/20 | 8.556,21 | 256,69 | 243,86 |
| TOTAL | | 791,60 | 752,02 |

Non obstante o Pleno acordará o que estime oportuno, en Lourenzá a trinta de abril do dous mil vinte e un.

**Expediente 187/2020. PROPOSTA ALCALDÍA ADHESIÓN "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA" E ADOPCIÓN DOS ACORDOS DE MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DO IBI-IAE-ICIO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A)Vista a proposta da Alcaldía de data 15/04/2021 referente a adhesión do Concello de Lourenzá ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", sendo o seu contido literal o que segue:
*Dª. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ,*
*Visto que o día 10/10/2017 asinouse o Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".*
*Visto que o obxecto deste Protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da*


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 37

*implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".*
*Visto que para que os concellos poidan adherirse a este Protocolo, o cal foi modificado pola Addenda de data 13/12/2017, é preciso que, previamente, adopten os seguintes compromisos sendo que os de carácter fiscal os deben manter, cando menos, durante tres exercicios orzamentarias:*
*1.- Establecer unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI, IAE e ICIO a favor, respectivamente, dos inmobles, actividades económicas e construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*
*Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará de acordo cós seguintes tramos:*
*- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo*
*- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
*- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.*
*2.- En relación á taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente e á taxa por apertura de establecementos, os concellos voluntariamente poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou ben aprobar mediante acordo plenario a non suxeición ás citadas taxas dos autónomos ou empresas que soliciten a verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica da incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*
*3.- Resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o peticionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.*
*4.- Para aqueles concellos que sexan titulares de solo empresarial, se deben fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados. A cambio, os concellos que se adhiran á iniciativa Doing Business veranse beneficiados das diferentes medidas promovidas pola Xunta de Galicia para alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se detallan na cláusula Terceira das do Protocolo.*
*É interese da Alcaldía que o Concello de Lourenzá se adhira á iniciativa Doing Business dado que é unha oportunidade para atraer investimento, crear emprego e dinamizar a actividade económica do Concello de Lourenzá.*
*Por todo o anterior PROPOÑO ao Pleno:*
*PRIMEIRO.- A aprobación da adhesión do Concello de Lourenzá ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".*
*SEGUNDO.- Adoptar o compromiso de establecer unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI, IAE e ICIO a favor, respectivamente, dos inmobles, actividades económicas e construcións, instalacións ou obras que sexan*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 37

*declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*
*Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego,se aplicará de acordo cós seguintes tramos:*

*- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo*

*- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*

*- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.*

*TERCEIRO.- Adoptar o compromiso de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o peticionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.*
*CUARTO.- Adoptar o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas de solo empresarial de que sexa titular o Concello de Lourenzá.*
*QUINTO.- Comunicar o presente acordo á FEGAMP aos efectos oportunos."*

Coñecido o contido da Moción, O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada e en consecuencia:
PRIMEIRO.- A aprobación da adhesión do Concello de Lourenzá ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA".
SEGUNDO.- Adoptar o compromiso de establecer unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI, IAE e ICIO a favor, respectivamente, dos inmobles, actividades económicas e construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.
Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará de acordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

TERCEIRO.- Adoptar o compromiso de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o peticionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 37

naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

CUARTO.- Adoptar o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas de solo empresarial de que sexa titular o Concello de Lourenzá.

QUINTO.- Comunicar o presente acordo á FEGAMP aos efectos oportunos.

B)PROPOSTA ALCALDÍA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM.1- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Neste punto e vista a proposta da Alcaldía de data 15/04/2021, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

*"Dª. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO,*

*Visto que 10.10.2017 asinouse o Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA ". O obxecto deste Protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".*

*Visto que para que os concellos se poidan adherir a este Protocolo, o cal foi modificado pola Addenda de 13.12.2017, é preciso que, previamente, establezan unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI a favor dos inmobles que sexan declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará de acordo cós seguintes tramos:*

*- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo*

*- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*

*- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.*

*A cambio, os concellos que se adhiran á iniciativa Doing Bussines veranse beneficiados das diferentes medidas promovidas pola Xunta de Galicia para alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se detallan na cláusula Terceira- das do Protocolo.*

*Visto que o 13/04/21 dispuxen que se iniciase o expediente para a adhesión do Concello de LOURENZÁ ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".*

*Asemade, o 13/04/2021 dispuxen a incoación do expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles .*

*Asemade, o artigo 7.c) da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia dispón que no exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 37

*iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.*
*Visto que consta no expediente o informe de Secretaría-Intervención de data 14/04/2021 e do Técnico de Emprego de data 15/04/2021.*
*Polo exposto PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*
*1º.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES nos seguintes termos:*
*"Artigo 4.2.-BONIFICACIÓNS.*
*4.2.1.- Os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan declaradas de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, poderán obter unha bonificación na cota do imposto.*
*4.2.2.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.*
*4.2.3.- A bonificación da cota será:*
*a) Ata un 95% para aqueles inmobles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Lourenzá, sempre e cando cree emprego.*
*b) Ata un 95% para aqueles inmobles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Lourenzá, sempre e cando implique a creación de emprego.*
*A porcentaxe de bonificación será a seguinte:*

| | |
|---|---|
| *Creación de 1 a 10 postos de traballo.* | *50%* |
| *Creación de 11 a 20 postos de traballo* | *75%* |
| *Creación de máis de 20 postos de traballo* | *95%* |

*As contratacións deberán ser indefinidas.*
*As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos e farase efectiva o día 1º de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.*
*4.2.4.- O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmoble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora do emprego.*
*Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmobles arrendados.*
*Non poderá ser beneficiario de bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 da LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.*
*4.2.5.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.*
*4.2.6.- Tramitación no caso de execución de construción, instalación ou obra con carácter previo ao inicio da actividade.*
*O prazo da presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao da obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación u obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude deberá achegarse xunto a seguinte documentación:*



Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 37

*a) Poder de representación, no seu caso.*
*b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade, no Imposto sobre Actividades Económicas e no I.B.I.*
*4.3.- A bonificación da cota será:*
*a) Ata un 95% para aqueles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Lourenzá, sempre e cando cree emprego.*
*b) Ata un 95% para aqueles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Lourenzá, sempre e cando implique a creación de emprego.*
*A porcentaxe de bonificación será a seguinte:*

| | |
|---|---|
| *Creación de 1 a 10 postos de traballo.* | *50%* |
| *Creación de 11 a 20 postos de traballo* | *75%* |
| *Creación de máis de 20 postos de traballo* | *95%* |

*As contratacións deberán ser indefinidas.*
*As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos e farase efectiva o día 1 de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.*
*4.4.- O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmoble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora do emprego. Non poderá ser beneficiario de bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 da LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.*
*4.5.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable d maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo. Este beneficio é rogado polo que os suxeitos pasivos deberán aportar a seguinte documentación:*
*a) Poder de representación, no seu caso.*
*b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.*
*c)Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
*d)Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.*
*e) Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de emprego do Concello de Lourenzá.*
*No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello, a finalización, achegando certificado de final de obra.*
*No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio da actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade coa seguinte xustificación documental da xeración do emprego:*
*a) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.*
*b) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu*


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 37

*contrato.*
*c)Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*
*d)Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*
*e) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*
*4.6.- Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ó inicio da actividade:*
*4.6.1.-O prazo de presentación da solicitude será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:*
*a) Poder de representación, no seu caso.*
*b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas .*
*c)Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
*d)Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.*
*e) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.*
*f) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.*
*g)Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*
*h)Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*
*i) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*
*4.7.- O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.*
*4.8.- Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto no Real Decreto 1065/2007 de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións de dos Procedementos de Xestión e Inspeccións tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos.*
*É a miña proposta, non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente, en Lourenzá a quince de abril do dous mil vinte e un.*

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada e en consecuencia aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL NÚM. 1- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE), engadindo o seguinte artigo:

"ARTIGO 4.-BONIFICACIÓNS

4.1.- Sobre a cota tributaria íntegra establecese unha bonificación de ata o 95% da cota tributaria correspondente para os suxeitos pasivos que tributan pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan declaradas de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego estable, poderán obter unha


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 37

bonificación na cota do imposto.
4.2.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.
4.3.- A bonificación da cota será:
a) Ata un 95% para aqueles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Lourenzá, sempre e cando cree emprego.
b) Ata un 95% para aqueles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Lourenzá, sempre e cando implique a creación de emprego.
A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

| | |
|---|---|
| Creación de 1 a 10 postos de traballo. | 50% |
| Creación de 11 a 20 postos de traballo | 75% |
| Creación de máis de 20 postos de traballo | 95% |

As contratacións deberán ser indefinidas.
As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos e farase efectiva o día 1 de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.
4.4.- O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmoble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora do emprego.
Non poderá ser beneficiario de bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 da LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.
4.5.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable d maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo. Este beneficio é rogado polo que os suxeitos pasivos deberán aportar a seguinte documentación:
a) Poder de representación, no seu caso.
b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
c)Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506
Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 37

ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
d)Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.
e) Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de emprego do Concello de Lourenzá.
No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello, a finalización, achegando certificado de final de obra.
No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio da actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade coa seguinte xustificación documental da xeración do emprego:
a) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
b) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
c)Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
d)Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
e) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
4.6.- Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ó inicio da actividade:
4.6.1.-O prazo de presentación da solicitude será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:
a) Poder de representación, no seu caso.
b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas .
c)Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afectado á actividade económica



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 37

ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
d)Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.
e) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
f) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
g)Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
h)Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
i) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
4.7.- O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.
4.8.- Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto no Real Decreto 1065/2007 de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións de dos Procedementos de Xestión e Inspeccións tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos.
SEGUNDO.- Someter o acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
TERCEIRO.- As modificacións das Ordenanzas Fiscais aprobadas entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.
CUARTO.- Elevar a definitivo o acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 37

O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados

**Expediente 226/2021. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM.1 CON CARGO Ó REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |

Visto que existe gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior e que este ano está suspendido o cumprimento da Regras Fiscais, pola Alcaldía propúxose a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.
Visto que se emitiu Memoria da Alcaldía na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.
Visto que se emitiu informe de Secretaría-Intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e se informou favorablemente a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe sobre o cálculo da Estabilidade Orzamentaria.
Visto que pola Alcaldía, a instancia do concelleiro do B.N.G., Sr. Rocha Pérez, explicouse en que consistían os investimentos programados.
Visto o informe da Comisión Especial de Contas, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por seis votos a favor, do P. S.de G.-P.S.O.E. e catro abstencións , dos concelleiros do P. Popular e do B.N.G. presentes na sesión, o seguinte ACORDO:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 37

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 226/2021 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

ORZAMENTO DE GASTOS

| Aplicación | | Descrición | Créditos iniciais | Modificacións de crédito | Créditos finais |
|---|---|---|---|---|---|
| Programa | Económica | | | | |
| 450 | 619 | Rexeneración Camiños Municipais | 403.000,00 | 280.000,00 | 683.000,00 |
| 450 | 619 | Reforma e Instalacións Nave Recinto Feiral | 683.000,00 | 262.000,00 | 945.000,00 |
| 340 | 622 | Obras Adicionais Campo Fútbol | 50.500,00 | 50.000,00 | 100.500,00 |
| TOTAL | | | 1.136.500,00 | 592.000,00 | 1.728.500,00 |

Devanditos gastos fináncianse, de conformidade co artigo 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 36.1 do Real Decreto 500/1990, con cargo a REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA para gastos xerais de acordo co seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS

| PARTIDA | Descrición | REMANENTE TESOURERÍA A 31/12/20 | REMANENTE TESOURERÍA A UTILIZAR | REMANENTE TESOURERÍA SOBRANTE |
|---|---|---|---|---|
| 870 | REMANENTE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | 1.630.821,71 | 592.000,00 | 1.038.821,71 |
| | TOTAL INGRESOS | 1.630.821,71 | 592.000,00 | 1.038.821,71 |

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, que deberá verificarse no nivel en que este establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio no



Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 37

Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.
TERCEIRO.- Faculta-la Sra. Alcaldesa para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 288/2021. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS PARA ADICARLLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2022 A D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto da orde do día e unha vez lida a Moción presentada polos tres grupos políticos municipais que conforman a Corporación Municipal de Lourenzá ( P.S.O.E., PP. E BNG.) para solicitar á Real Academia Galega (RAG) que se lle adique, o Día das Letras Galegas do ano 2022, a D. Francisco Fernández del Riego, indicando o Sr. Arango Ron, concelleiro de Cultura, que a prensa estaba disposta a apoiar esta iniciativa e que, ó parecer, tamén o Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero ía a apoiala. Despois de comentar entre todos que agardaban que no ano 2022 se conseguira e que fora o ano de D. Francisco Fernández del Riego, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar a Moción asinada polos tres grupos políticos que conformas a Corporación, para solicitar á Real Academia Galega (RAG) que se lle adique o Día das Letras Galegas do ano 2022 a D. Francisco Fernández del Riego, sendo o seu contido o que se transcribe a continuación:
”O motivo principal desta moción é o recoñecemento do que foi un escritor, intelectual e político laurentino que desenvolveu desde a década de 1930 un traballo constante e recoñecido a favor da cultura e da lingua galega.
D. Francisco Fernández del Riego (Salvador Lourenzá, Cosme Barreiros, Adrián Soutelo, Adrián Solovio) nace en Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913. Estuda Dereito e Filosofía e Letras



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 37

en Madrid e Santiago. Participa activamente na campaña en apoio do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. Era membro destacado da xeración de xoves intelectuais do Seminario de Estudos Galegos. En 1943 funda, xunto co outros galeguistas, a Editorial Galaxia. En 1960 ingresa na Real Academia Galega, sendo promotor da celebración do Día das Letras Galegas. En 1963 codirixe con D. Ramón Piñeiro a revista Grial. En 1997 é elixido presidente da Real Academia Galega.
A súa obra, case toda consagrada a Galicia, é abundante e variada( Historia da Literatura Galega, Galicia no espello, Diccionario de escritores en lingua galega, O cego de Pumardedón, As peregrinacións xacobeas, O río do tempo etc.).
Foi recoñecido con numerosos galardóns: Premio Trasalba, Premio Pedrón de Ouro, Medalla de Ouro da cidade de Vigo, Premio de creación cultural da Xunta de Galicia, Premio Celanova, A Casa dos Poetas, Medalla Castelao, Premio das Artes e das Letras de Galicia, etc.)
En novembro de 2001, o Concello de Lourenzá noméao Fillo Predilecto e ponlle o seu nome a unha das salas da Biblioteca Municipal.
Morre en Vigo o 26 de novembro do 2010.
Por todo o exposto, os voceiros dos grupos políticos que conforman a Corporación municipal, solicitan do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:
a)Instar á Real Academia Galega (RAG) a que no ano 2022, despois de cumprirse máis de dez anos do seu pasamento, se lle adique o Día das Letras Galegas a D. Francisco Fernández del Riego, e que os principais actos desta celebración teñan lugar na súa vila de nacemento, Vilanova de Lourenzá.
b)Dirixirse ao resto dos Concellos da Mariña, á Deputación Provincial de Lugo, ao Concello de Vigo, e á Fundación Penzol, para solicitar deles o apoio a proposta do Concello de Lourenzá para acadar entre todos que o ano 2022 sexa o ano de D. Francisco Fernández del Riego.
SEGUNDO.- Facultar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dª. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 37

**Expediente 57/2021. DACIÓN DE CONTA Peche e Liquidación do Orzamento 2020.**

Neste punto da orde do día deuse conta ó Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 191 e 192.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, do acordo da Xunta de Goberno Local de vinte e seis de marzo do dous mil vinte e un (26/03/2021), da Liquidación do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio do 2020 .
De dita Liquidación deuse conta á Oficina Virtual das Entidades Locais o día 29/03/2020.
Aínda que para este exercicio está suspendido o cumprimento das regras fiscais, dita Liquidación ofrece os seguintes resultados e arroxa o resumo que se transcribe a continuación:
vCUMPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 180.202,92 Euros.
vCUMPRE co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 19.703,65 Euros.
vCUMPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 145.488,84 Euros, que supón o 7,3% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes de carácter ordinario da Liquidación 2020.
O Período Medio de Pago, 5,89 días, ESTÁ DENTRO do establecido.

| A) | RESULTADO PRESUPOSTARIO | EUROS |
|---|---|---|
| 1 | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | 2.176.142,48 |
| 2 | OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS | 2.031.766,39 |
| 3 | RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2) | 144.376,09 |
| 4 | DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO | 2.948,12 |
| 5 | DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO | 4.900,53 |
| 6 | RESULTADOS DE AXUSTES | -1.952,41 |
| 7 | GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE | 0,00 |
| 8 | RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS | 0,00 |
| 9 | RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO (3-4+5+6+7) | 142.423,68 |
| B) | REMANENTE DE TESOURERÍA | |
| 1 | (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO | 740.731,08 |
| | De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente | 426.928,27 |
| | De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados | 313.645,89 |
| | Doutras operacións non Presupostarias | 156,22 |
| 2 | (-)OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO | 214.839,40 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 37

| | | |
|---|---|---|
| | De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente | 158.118,65 |
| | De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados | 0,00 |
| | De Outras Operacións non presupostarias | 56.720,75 |
| 3 | (-)PARTIDAS PENDENTES APLICACIÓN | -216.376,11 |
| | (-) Cobros realizados pendentes aplicación definitiva | 216.376,11 |
| | (+)Pagos realizados pendentes aplicación definitiva | 0,00 |
| 4 | (+) FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURERÍA | 1.456.881,14 |
| I | REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2-3+4) | 1.766.396,71 |
| II | GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO | 4.900,53 |
| III | SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | 130.674,47 |
| IV | REMAN. TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III) | 1.630.821,71 |

**DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A NUM.2021-0410 DE 15/03/2021 ATA A NUM.2021-0803 DE 25/05/2021.**

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a o Número 2021-0410 de 15/03/21 ata a Número 2021-0803 DE 25/05/21 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

**DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 1º TRIMESTRE 2021.**

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó *PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2021,* que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 12/04/2021, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

**DACIÓN DE CONTA PMP 1º TRIMESTRE 2021.**

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do *PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2021* relativo ao *CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 37

*PROVEDORES* de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2020, posto que o Período Medio Global foi de 24,26 días.
Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 12/04/2021.

**DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓN DE LA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE Y ORDENACIÓN DEL TERRITORIO APROBANDO DEFINITIVAMENTE LA MODIFICACIÓN PUNTUAL DE LA NORMAS SUBSIDIARIAS PARA DELMITACIÓN NÚCLEO BORDÓN.**

Neste último punto, deuse conta do escrito achegado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 04/05/21 e que foi rexistrado de entrada nas oficinas municipais o mesmo día co núm. 825, e no que se notifica que con data 03/05/2021, a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da dita Consellería, ditou a Resolución de aprobación DEFINITIVA da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Lourenzá para a Delimitación do Núcleo Rural Tradicional do Bordón(Expediente PTU-LU-18/63-GESTIONA 199/2018).
O Pleno quedou ó tanto do contido do escrito.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

**PREGUNTA P.POPULAR SOBRE SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES CULTURAIS.**

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que ,dado que as preguntas foran formuladas fora de prazo, serían contestadas na próxima sesión plenaria.

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 37



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

**PREGUNTAS P.POPULAR FORMULADAS EL 29/05/21**

Da mesma forma que no punto anterior, pola Alcaldía indicouse que dado que as preguntas foran formuladas fora de prazo e polo tanto serían contestadas na próxima sesión plenaria.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 329K52799ZM62QEMTYMNDJ2HZ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 37